

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 23

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 23 DE NOVEMBRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Bravo Bosch, M^a José
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, María Elvira
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos¹ do día vintetrés de novembro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez

1 A sesión comeza con media hora de atraso por un imprevisto co equipo de gravación.

Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos a sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello número 23, convocado para o día de hoxe ás nove horas por orde do día que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Ábrese sesión pública e constátase quórum.

Propoño aos grupos que fagamos un debate conxunto da urxencia e do punto segundo. Propoño dez minutos de tempo de intervención para proceder despois á votación do punto primeiro da ratificación da urxencia e do punto segundo de crédito extraordinario.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

No decreto de convocatoria do Pleno faise constar que a realización urxente do mesmo é a necesidade de proceder á execución da sentenza núm. 176, do 30 de xullo de 2007, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo. No punto 2 da orde do constan os seguintes antecedentes:

“No recurso contencioso administrativo, procedemento ordinario nº 222/2004, seguido a instancia de D. Antonio Paiva Parada, D. Fernando Paiva Parada e dona María Teresa Paiva Parada, polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, ditouse a Sentenza nº 176 de data 30 de xullo de 2007, que estimaba parcialmente o recurso contencioso contra a desestimación presunta formulada ante o Concello de Vigo, para a execución e cumprimento da adxudicación do volume edificable no proxecto de compensación do estudo de detalle do polígono entre a rúa López Mora e camiño de Seara incluído na unidade de actuación Nebrija en correspondencia coa parcela entregada polos recorrentes. A cantidade fixada como indemnización é de 989.801,68 euros, coa aplicación dos xuros legais, sendo a petición indemnizatoria de 2.910.741,90 euros máis xuros legais.

En sentenza nº 876 do 17 de setembro de 2009, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, desestimou a apelación presentada e mantivo o pronunciamento do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo.

O Auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo de data 18 de outubro de 2011, ordena se proceda á inmediata execución da sentenza en relación co RCA 222/2004 e a sentenza 176/2007.”

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: O obxecto deste Pleno é artellar os procedementos orzamentarios necesarios para dar cobertura ao cumprimento da Sentenza do Contencioso-Administrativo Número 1 de Vigo, unidade de actuación Nebrija, para o que é necesario proceder á modificación orzamentaria de forma urxente para poñer fin ao devengo de xuros de demora que son un prexuízo para os vigueses e que supoñen unha maior carga financeira polo devengo.

Non quería seguir esta intervención sen ler os antecedentes do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo Número 1 de Vigo: “Contencioso contra a desestimación presunta da solicitude formulada polos autores ante o Concello de Vigo por escrito con entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 28.05.04”. Señores do Partido Popular, quen gobernaba nesta cidade nesa data? O Partido Popular. Quen era o concelleiro e o responsable da Xerencia Municipal de Urbanismo? O Sr. Figueroa.

O silencio administrativo, gardaren este expediente, esta solicitude duns cidadáns nun caixón do Concello, lévanos hoxe a que teñamos que pagar máis de dous millóns de euros. Esta é a xestión do Partido Popular, así é como goberna. Menos mal que gobernaron e seguirán gobernando poucos anos neste Concello porque senón como nos iría a esta cidade.

O Sr. Figueroa marcha porque sabe que é o que di a Sentenza. Rían pero saben que é a verdade. É unha cousa moi seria porque seguramente de gastaren eses dous millóns en temas sociais ou cidadáns darían moito máis froito.

A maiores disto no Concello atopámonos con que dende o ano 2007, cando chegou á Alcaldía de Vigo Abel Caballero, estaba esgotada a capacidade financeira e de investimento do saneamento e abastecemento da cidade debido á disposición dos recursos de xeito anticipado polos gobernos anteriores, oito anos antes de rematar o contrato municipal da concesión de auga. Iso fai que

non se poidan facer obras hidráulicas na cidade e que nalgunhas rúas teñamos avarías de auga un día si e outro tamén, cos conseguintes quebrantos para os cidadáns. Isto é consecuencia de que os gobernos anteriores non respectaron nin os tempos, nin os prazos, nin o convenio, nin a lexislación.

Todo isto ven do deixamento do Partido Popular e do Sr. Feijóo para con esta cidade, desatenden de forma sistemática a Vigo e aos vigueses e viguesas. Proponnos á cidade un convenio polo que nos querían facer pagar a acometida eléctrica, os terreos, o IVE e o 50% da construción da depuradora. Si, señores do Partido Popular, isto é o que nos prometían o Sr. Feijóo e a Xunta de Galicia.

Logo de duras negociacións conseguimos que a construción e a acometida eléctrica as pagasen o Ministerio de Medio Ambiente e a Xunta de Galicia e dende o Concello ou a entidade xestora do servizo público, facérmonos cargo das achegas correspondentes: o IVE e os terreos. O imposto do IVE ronda os 45 millóns e os terreos segundo a valoración inicial 10,2 millóns de euros. Un total de 55,2 millóns de euros.

De teren que pagar das arcas municipais 55,5 millóns de euros sería a creba do Concello e por iso as opcións eran poucas: ou non facer a depuradora, unha débeda histórica e unha ferida que ten a nosa Ría, ou crebábamos o Concello de Vigo. Por iso optamos por agudizar o enxeño e foi cando propuxemos que a recepción da depuradora a fixera o Concello de Vigo ou a entidade xestora do servizo público que pode deducir o IVE. Así pois este goberno tivo e ten que facer fronte á misión de responsabilidade que a Xunta de Galicia ten con Vigo. Por esa razón recorreremos á prórroga que contempla o contrato avalada por informes técnicos e xurídicos tanto internos como externos desta casa.

Para a cidade a prórroga deste convenio supón 20 millóns de euros en infraestruturas hidráulicas, 10,2 millóns en terreos e 4 millóns en melloras para a cidade; 34 millóns de euros que sumados ao aforro dos 45 millóns do IVE dan un beneficio para o Concello de Vigo, para os vigueses e para as viguesas de 79,2 millóns de euros. Deste xeito seremos quen de manter o recibo da auga que pagamos os vigueses e as viguesas sen ningún tipo de variacións porque cando escoitamos aos señores do Partido Popular que din que esta medida encarece a auga, escoitamos unha nova gran mentira seguramente para encubrir a subida da auga que quere facer a Xunta co novo canon da auga, que xa pasou polo

Parlamento de Galicia e se aprobou exclusivamente coa maioría do Partido Popular.

Señores do Partido Popular, infórmolles que o Concello de Vigo non vai facer de mediador para cobrar este novo imposto da Xunta porque non estamos en tempos de subirlles os impostos aos cidadáns. Estas políticas do PP entorpecen e dificultan o labor dos cidadáns para seguir adiante. Non imos cobrar. Se lle queren subir os impostos aos galegos saiban que aos de Vigo llos terán que cobrar directamente porque o goberno de Vigo liderado por Abel Caballero non será cómplice desta tolería.

Investimentos, IVEs, terreos..., o seu gozo nun pozo, señores do Partido Popular. Intentaron cobrar a este Concello e atopáronse cun magnífico acordo que resolve un problema histórico da ría e da cidade de Vigo: cos cartos previstos este ano no orzamento municipal, 1,9 millóns, págase o principal da sentenza de Nebrija sen que teña custe para os vigueses e viguesas.

Que mal o facían algúns gobernos anteriores. Este ano levamos pagado máis de 13 millóns de euros en sentenzas, o equivalente á merca de 145 pisos sociais, a 162.500 axudas de comedor, a 4.727 bolsas de inglés, ao mantemento de 52 escolas infantís, a 1.200.000 libros de texto, eses libros de texto que o Partido Popular e o Sr. Feijóo están obrigando a todos os pais e nais de Galicia a comprar ao inicio do curso. Todo isto, como lía no auto ao comezo, pola mala xestión dos gobernos do Partido Popular.

Nestes máis de catro anos de goberno da cidade de Vigo hai investimentos, cúmprense as sentenzas, redúcense os beneficios das empresas, neste caso concreto en 4.000.000 de euros que achegan en melloras porque a maiores do cadro de recuperación de investimentos que se leva a cabo dende 1990 nesta cidade, a concesionaria achega 4.000.000 de euros e todo isto sen destruír ningún posto de traballo e sobre todo sen lles subir os impostos aos vigueses e viguesas.

En que gastaron outros gobernos os recursos? Estamos a pedir ás empresas este *apretón* porque lles pedimos menos beneficios e máis servizos porque a cidade estaba necesitada de investimentos. Cando chegamos a esta cidade vimos que ás rúas de Vigo precisaban grandes investimentos tanto por dentro como por fóra. Non imos permitir que os cidadáns de Vigo se subministren de auga polas

canalizacións que lles mostro, cousa que vostedes facían pero nós non. Esta que lles mostro non é unha canalización para abastecer á cidade e por iso as imos cambiar, señores do Partido Popular.

Seguiremos chamando a todas as portas aínda que algúns non escoitan ben cando o facemos, pero como en anos anteriores imos seguir chamando ás portas da Unión Europea, da Deputación, do goberno de España, da autonomía para esixir o que é noso. Seguiremos tamén chamando ás portas da colaboración pública e privada porque somos xente traballadora que dedicamos todas as horas do día á xestión desta cidade e sobre todo para facer e seguir facendo cousas por Vigo e para que Vigo se sega sentindo guapa.

A intención do Partido Popular era parar esta cidade pero non o van conseguir porque estamos avalados pola cidadanía, polos vigueses e viguesas que nos referendan eleccións tras eleccións cando a vostedes non lles están dando demasiadas oportunidades..

SRA. VELOSO RÍOS: O Grupo do Bloque Nacionalista Galego viñamos preparados para participar nun Pleno sobre un crédito extraordinario e parece que o debate non vai por ese camiño. Aquí trátase de buscar ao culpable de cousas e a culpa tena “tonete”, como estabamos comentando por aquí.

O debate por parte do concelleiro do Grupo municipal Socialista, D. David Regades, evidentemente non vai sobre un crédito orzamentario, senón que vai sobre unha sentenza urbanística, sobre gobernos anteriores, sobre o goberno da Xunta, pero non falou en absoluto do tema que temos que aprobar ou non hoxe neste Pleno e que evidentemente é competencia do actual goberno do Partido Socialista en minoría. Isto é do que queremos falar nós.

Vemos que hoxe debatemos un crédito orzamentario que se tramitou cunha celeridade sorprendente. Realmente toda a tramitación foi tan rápida que case non nos deu tempo a poder acceder á información. Onte convocouse e desconvocouse en varias ocasións a comisión informativa na que se ía ditaminar este expediente, tivemos acceso ao expediente practicamente unha hora antes de que se realizase esta comisión que foi case ás tres da tarde. Todo isto tendo en conta o peso específico deste acordo que se trae a debate e a aprobación neste Pleno se procede.

Non nos parece que esta sexa a forma de xestionar e tramitar por parte dun goberno responsable e moito menos por parte dun goberno en minoría coma é este. Pensamos que a forma de facer as cousas ten que ser diferente, sobre todo tendo en conta que se vemos o expediente do que estamos a falar hai informes que son xa do ano pasado. É dicir, practicamente durante un ano este expediente estivo parado e logo se ventilou nun día. Esa é a realidade.

Estamos falando dunha modificación orzamentaria, dun crédito para facer fronte a unha sentenza urbanística e acabamos falando da prórroga do contrato con AQUALIA. A calquera persoa que nos escoite falar disto custaralle facer a relación entre unha cousa e a outra. Non é para menos.

Non hai moito aprobamos tamén aquí unha modificación orzamentaria para facer fronte a outra sentenza urbanística, a Sentenza de Miraflores, na que tamén se eliminaban partidas. Nese caso propoñíase a eliminación de partidas de escolas infantís e neste caso para facer fronte ao pagamento doutra sentenza urbanística propónse eliminar unha partida destinada ao primeiro prazo da construción da EDAR e ademais para compensar iso hai que prorrogar o contrato con AQUALIA para facer fronte ao pagamento desta depuradora.

Está moi claro que este goberno parece que se está convertendo en especialista en penalizar á cidadanía coa escusa dos pagamentos de sentenzas urbanísticas.

No Bloque Nacionalista Galego somos moi conscientes de que hai que facer fronte ao pagamento desta sentenza e polo tanto nós si actuamos con responsabilidade, sabemos que a hai que pagar, que hai un Auto que lle dá tres meses a este Concello para concluír a tramitación dunha modificación orzamentaria que permita facer fronte ao pagamento desta sentenza, unha sentenza que inclúe os xuros ata o 30 de decembro. O que non entendemos é que se faga desta maneira tan apresurada e sen contar en absoluto coa oposición que non se pode informar convenientemente. Tráese nun Pleno extraordinario, nin sequera se agarda ao Pleno do luns co que nos aforraríamos tamén que tivesen que vir hoxe os técnicos para gravar este Pleno porque poderían gravalo o luns.

É realmente sorprendente esta maneira de tramitar as cousas, pero o que si é é absolutamente irresponsable cando son vostedes os que acusan aos demais de non respectar os tempos nin os prazos.

A consecuencia desta modificación orzamentaria é a prórroga do contrato do servizo da auga con AQUALIA que está condicionando evidentemente a tarifa da auga durante polo menos cinco anos. Insisto en que vostedes seguen a penalizar á cidadanía e ademais saltándose un acordo plenario polo que vostedes se comprometeron a revisar as tarifas da auga o máis axiña posible. Son vostedes plenamente conscientes de que isto impide facer esa revisión. Sabían que había que facer isto e xa podemos ver no expediente un deses informes do ano pasado, informe de Intervención de outubro de 2010 no que xa se indicaba a conveniencia de facer procedementos de auditoría previos a calquera prórroga deste contrato porque hai un desequilibrio a favor da entidade concesionaria. Vostedes saben isto dende hai un ano, teñen competencia para facer esa auditoría dende hai máis de catro anos e non a fixeron. Agora nos traen a prórroga deste contrato a toda présa hipotecando de novo a toda a cidadanía viguesa, a todas as familias vigesas.

Evidentemente que hai informes porque se decidiu que non se ía utilizar unha partida para a EDAR porque se ía pagar unha sentenza urbanística con ela. Claro que no anterior Pleno no que se aprobou unha modificación orzamentaria, tamén se eliminaban as partidas das escolas infantís para non utilizar todos os remanentes porque xa estaba previsto que ata finais de ano íamos ter que facer fronte a algunha sentenza urbanística máis. Esta sentenza non caeu do ceo antonte, non caeu do ceo o 20 de novembro, nesa data caeron outras cousas pero non esta sentenza e non era preciso traela aquí a día 23 de novembro.

Por que non se atreven, que iso si correspondería coa xestión responsable dun goberno en minoría, a traer a prórroga do contrato con AQUALIA a este Pleno para que toda a cidadanía teña dereito a estar representada e a opinar? Por que a tramitan como fixeron nun día en Xunta de Goberno? Realizouse todo nun día. Hai un informe de Intervención do día 22, á Xunta de Goberno realizouse o día 22, a aceptación da prórroga do contrato por parte de AQUALIA é do día 22. Rematou a campaña electoral e de súpeto tiveron tempo para tramitar absolutamente todo nun só día.

Atopámonos cunha aceptación dunha prórroga de contrato na que se recolle unha serie de actuacións que non están presupostadas, non teñen data de execución. Realmente vostedes falan de investimentos pero non sabemos en que

e non están dispostos a traer ese expediente ao Pleno do Concello de Vigo, senón que o aproban como fixeron nun día na Xunta de Goberno Local e poucas horas despois estaba xa en comisión informativa e hoxe xa está en Pleno. Esas non son maneiras de xestionar as cousas.

Din que non están penalizando á cidadanía, pero por suposto que si. Mantemos a tarifa da auga, imos seguir sen ter unha tarifa por tramos como no resto das cidades galegas, imos ter que seguir pagando un mínimo de 30 euros pola auga. Esa si é unha penalización porque iso non se vai modificar.

Ademais é que van facer pagar dúas veces a depuradora á cidadanía porque xa había unha partida nos orzamentos do Concello que se dedica a unha sentenza urbanística e agora vai haber que pagala no recibo da auga cada dous meses polo menos durante cinco anos e con evidentes beneficios para a empresa concesionaria, onde por certo si se van perder postos de traballo, vaise pasar de 170 a 120 traballadores. Mentres vostedes están dicindo que promoven o emprego pero non é certo, iso non o teñen tampouco en conta.

Non hai auditorías previas, non hai un esforzo para realmente modificar a tarifa da auga para beneficiar a toda a cidadanía.

Falan vostedes ademais demagoxicamente das cantidades facendo as equivalencias cos libros de textos, coas axudas de comedor, cos pisos sociais... As axudas de comedor que vostedes non concederon porque o ano pasado cando o BNG tiña a responsabilidade en Benestar Social ben que se gababan de que este goberno concedera todas as axudas de comedor que se solicitaran, pero este ano non foi así, non se fai unha modificación orzamentaria para poder cubrir todas as solicitudes de axudas de comedor, as solicitudes de bolsas de libros. Non se fai unha modificación orzamentaria para iso pero si para eliminar partidas de construción de escolas infantís ou para deixar á nosa cidade sen a posibilidade de modificar a tarifa da auga durante cinco anos.

Nós somos plenamente conscientes de que hai que facer fronte a unha sentenza urbanística, pero as cousas non se fan así. Vostedes son o goberno e teñen a responsabilidade desta modificación orzamentaria sobre a que nós nos imos abster. Agora non podemos deixar de pagar unha sentenza urbanística pero as cousas non se fan así.

Traian a este Pleno a prórroga do contrato de AQUALIA se realmente queren

gobernar como corresponde.

SRA. BRAVO BOSCH: Coido que en realidade o Sr. Regades non falou do asunto do Pleno. Agardo que teñan tantas consideracións cando nós dun xeito residual nos apartemos un pouco do que podería ser o asunto do Pleno.

Coincidimos co que acaba de comentar a concelleira do BNG e non entendemos a necesidade de facer un Pleno extraordinario e urxente e máis cando está previsto un Pleno para o seguinte luns. Se hai tres meses para cumprir a sentenza á marxe do período de exposición pública e demais, coidamos que si se podería cumprir cos prazos e non facer este Pleno tan extraordinario e tan urxente. Realmente non o entendemos.

Independentemente da demagogia coincido na forma e no fondo do que dixo agora mesmo a Sra. Veloso Ríos, pero si quero precisar que é incorrecto o que nos leu o Sr. Regades con respecto á actuación do noso voceiro municipal, Sr. Figueroa Vila.

A realidade é que tanto no Auto do contencioso-administrativo como en todo o resto do que consta no expediente está claro que a unidade de actuación corresponde a un plan que se fixo no ano 1990 e cando o alcalde era D. Manoel Soto que estaba nas súas filas e xamais nas nosas. No ano 1993 cando se ten en conta esa modificación orzamentaria, convértese en zona verde e por suposto afecta á unidade de actuación Nebrija, o alcalde era D. Carlos González Príncipe, daquela tamén das súas filas. Cando se fan determinadas actuacións no ano 2004 foi cando estaba o noso actual voceiro municipal e era única e exclusivamente o período de recurso. Polo tanto, por favor, precisión procesual.

As primeiras actuacións polas que se condena ao pagamento a este Concello datan do ano 2007 cando se estimou parcialmente o recurso e a cantidade era case de 1.000.000 de euros. Esa é a realidade. Pero agora cos intereses que tivemos que pagar retroactivamente dende esa data a razón de 108 euros ao día, aproximadamente 86.500 euros de intereses, dende o momento da sentenza firme o 17 de setembro de 2009, cando coido lembrar que gobernaban vostedes, a realidade é que nós, os vigueses e viguesas, temos que pagar moito máis diñeiro cando se podería ter feito doutro xeito.

Dedicouse a ilustrármonos e a ler o Auto, pero a seguir eu tamén llo vou ler tal e

como o ditou o Contencioso-administrativo hai poucos días: “Non consta acreditado que a Corporación acordase o pagamento con cargo ao crédito correspondente do orzamento, nin que se realizase ningunha modificación orzamentaria, falta de previsión orzamentaria que resulta inadmisíbel, máxime cando lle constaba á Corporación a confirmación da sentenza que establecía a obriga por parte da Sala do Contencioso do Tribunal Superior”.

A cuestión é que a data de hoxe non existe constancia de que se efectuase ningún abonamento sequera parcial ou algún ofrecemento aos acredores o que se terá que poñer en relación co artigo 118 da Constitución que di que se deben cumprir as sentenzas firmes dos tribunais; e en relación cos artigos 103 e 105.1 da Lei xurisdiccional que respectivamente din: “As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignent” e “Non se poderá suspender o cumprimento nin declarar a non execución total ou parcial do fallo”. Eu creo que con estes principios e coa rotundidade coa que se expresa o maxistrado do Contencioso-Administrativo deixan claro que un principio inescusable do sistema xudicial é o pagamento de toda sentenza. Ademais di claramente que por que non se contemplou anteriormente unha modificación orzamentaria.

O 16 de febreiro de 2010, o Sr. Conde Gil do Partido Popular dixo: “É necesario que exista unha partida nos orzamentos do Concello para o ano 2010 coa que facer fronte á indemnización da UA Nebrija. Fáganse no seu caso as modificacións precisas no orzamento para a súa inclusión a fin de evitar os prexuízos que en dereito terá dita omisión”. O Sr. Conde referíase a que a economía municipal viríase sensiblemente prexudicada cos intereses que agora nos vemos obrigados a pagar.

O resto é lanzar mensaxes ao vento. Vostede di “o noso gozo nun pozo”, será nun pozo pero baleiro e non de auga co prezo que van poñer vostedes a partir dese cambio que van facer na concesión, cousa da que non estou moi segura pero seguramente bordeen a legalidade e veremos no seu momento se teñen dereito ao facer porque claro que se poden alongar as concesións administrativas, pero teñen que estar moi ben substanciadas para as poder levar a cabo. Non creo que este sexa o caso.

Nós por lóxica podemos pensar que se teña que pagar a sentenza, coincidimos

co que acaba de dicir o BNG, pero non estamos de acordo en como se presenta esta modificación de crédito. Ademais, por que a propoñen quitando 1.900.000 euros do alleamento dos terreos da nova depuradora? Precisamente polo que acaban de facer hai poucos días, polo pacto que fixeron vostedes con AQUALIA. De non facer iso non poderían facer esta modificación, como tamén do axardinamento da alameda de Navia, os xuros do préstamo do ano 2010 para que lles dea esa cantidade. Por que non o fixemos doutra forma cando ademais temos un informe, como ben dicía a Sra. Veloso, do interventor municipal que di que se debería facer doutro xeito?

Ademais e en canto aos principios de estabilidade orzamentaria, cóstanos outro informe do interventor municipal que di: "A imputación precisamente producirá un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria dado que a modificación suporá un incremento de gastos non financeiros". A continuación di que temos que ter un plan económico-financeiro axeitado para poder facer fronte ás sentencias.

Esta non é unha sentenza que nos vira dun día para outro, como non ven ningunha. O prazo é de tres meses que non dun mes, tiñamos tempo de abondo, non se tiña que traer agora aquí. Explíquen nos o por que desta présa porque o caso e a sentenza veñen de antigo e xa o coñecían perfectamente cando trataron o caso Miraflores.

Perdoe, Sr. López Font, pero eu polo menos non me aparto do tema, non digo que é o Sr. Feijóo quen ten que pagar as canalizacións, nin falo de Mario Bros para as canalizacións porque non teñen relación co caso. Falo dos que teñen responsabilidade de goberno que son vostedes, dos que tiñan que ter pagado esta sentenza que son vostedes, dos que teñen a obriga de cumprir coa execución da sentenza que son vostedes e a imputabilidade deses xuros ven enriba de todos os vigueses e viguesas. O que sucede é que o van facer polo cambio e logo nos aumentarán os impostos pola vía indirecta da auga para poder facer fronte a isto.

Deberían ter un plan económico-financeiro como Deus manda porque saben perfectamente que non se trata só destas sentencias, senón que teremos outras no futuro ou terán algunhas pendentas. Deberían ter prevista a posibilidade dese plan económico-financeiro que nós pedimos xa no 2010 porque nos anos 1990 e

1993 foi o alcalde, D. Manoel Soto, quen lles prometeu a estes que recorren que ía facer un cambio de actuación. Cando no ano 1993 se recoñece outra forma de facer as cousas é cando recorren contra unha decisión do ano 1990. O Partido Popular non ten absolutamente nada que ver nisto e precisamente por iso estamos moi tranquilos. Pero coidado, a nosa intranquilidade ven da posibilidade de que todos os vigueses e viguesas teñamos que pagar a desidia, o desinterese, as malas artes e o mal e negativo xeito de proceder por parte deste goberno.

No Auto que presenta o Contencioso-Administrativo déixase moi claro que a administración podería ter previsto con moita máis tranquilidade a forma de levar a cabo o pagamento desta sentenza. Lembre tamén que se lles dixo en numerosas ocasións que tiñan que prover fondos para se facer cargo desta sentenza.

O resultado final é que o Partido Popular foi quen tivo que pedir como sempre que se provea, que o Concello non acuda aos remanentes de tesourería ou no caso de acudir que sexa previsto no seu momento.

Do sucedido o primeiro e único responsable é o Partido Socialista Obrero Español. O Partido Popular non ten responsabilidade neste cumprimento de sentenza. Pedimos polo tanto que non se traia a un Pleno extraordinario e urxente asunto ningún que non teña relación cun tema extraordinario e urxente que afecte á cidadanía de Vigo.

Este non é un tema de extraordinaria urxencia. Levamos con el anos, agora teñen tres meses para o cumprimento dos que aínda non pasaron nin dous meses e medio. Por favor, recoñezan que non é extraordinario nin urxente e que o luns teremos un Pleno ordinario ao que poden levar este tema.

O que queremos no Partido Popular é que dunha vez por todas se empece a funcionar como se debe nun Concello que economicamente sabe o que fai e procesual e xuridicamente tamén.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Non dou crédito. Como se poden dicir tantas mentiras en tan poucos minutos e non se poñer colorado. Parece mentira que vostede sexa licenciada en dereito porque, non cre que se deben cumprir as sentenzas? É a primeira vez que un goberno non cumpre cunha sentenza.

Por suposto que se debería ter actuado antes: no ano 2004 se o Sr. Figueroa non

o metera nun caixón. Non tenten enganar á cidadanía porque teño aquí o Auto que se queren llo leo outra volta: “Desestimación presunta da solicitude formulada polos autores perante o Concello de Vigo e perante a Xerencia Municipal de Urbanismo”, da que era responsable o Sr. Figueroa. Non tenten enganar á cidadanía porque no 2004 en troques de gardar isto nun caixón terían que telo pagado.

Pero vostedes non están para gobernar. Como xa lles dixen antes menos mal que vostedes gobernaron poucos anos senón como nos quedaría a cidade.

O obxectivo do Partido Popular neste Pleno, como aconteceu nos últimos anos, é o de parar esta cidade pero non o van conseguir porque estamos avalados polos cidadáns e cidadás de Vigo que nos referendan elección tras elección. Vostedes non se decatan de que perden a confianza elección tras elección, perderon en maio e volveron perder en novembro. O Partido Popular gana por maioría absoluta en todas as cidades de Galicia menos en Vigo, a xente de Vigo non os cre nin os quere porque son uns mentireiros e hoxe volveron mentir neste Pleno.

Explico a urxencia deste Pleno porque parece mentira que nos falen de procesos administrativos.

Como vostedes saben unha modificación orzamentaria precisa a exposición pública de quince días logo da súa publicación no BOP; logo ten que volver a exposición de forma definitiva, estamos falando dun mes. Se levamos isto ao Pleno de finais de mes, maximo que saben contar porque mentir si saben pero contar maximo que tamén, e se hai unha exposición de quince días máis dúas publicacións no Boletín Oficial, estamos falando de máis dun mes, se esta modificación a levamos ao Pleno de finais de mes, que é o que queren vostedes, estaríamos incumprindo unha sentenza. Abel Caballero non vai incumprir esa sentenza porque el é o responsable principal e sobre todo despois de cincuenta anos de participación en política de forma transparente. O alcalde desta cidade leva participando en política dende os dezaseis anos, por defender os dereitos destes cidadáns tivo que estar na cadea en Santiago. Leccións de moral a este goberno ningunha.

Falaban con timidez dun informe de control financeiro. Aquí teño o informe financeiro de Price Waterhouse, un control financeiro de conformidade co establecido no artigo 220 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas

locais. De que están a falar? Como poden falar sen pudor?

Seguramente se no ano 2004 vostedes pagaran esa sentenza hoxe non estaríamos aquí. De non gardaren vostedes esa sentenza nun caixón hoxe non estaríamos aquí.

Señores do BNG, vostedes gobernaron, por que non cambiaron a tarifa da auga? Porque tamén gobernaron vostedes, tamén tiveron alcalde nesta cidade e tamén compartiron goberno connosco nesta cidade.

Nós estamos garantindo que o recibo da auga non vai subir nos próximos anos. Pero non só iso senón que nos comprometemos a traer ao Pleno deste Concello unha nova tarifa da auga. A ver se contamos co seu apoio porque cremos que se pode facer unha tarifa máis eficiente, pero sobre todo con este concurso e con este convenio estamos asegurando e garantindo que a auga non vai subir, estamos garantindo que as empresas non van ter máis beneficios, non imos seguir facendo ricas ás empresas e por iso lles esiximos catro millóns de euros en cinco anos a maiores do que marcou o convenio ata o de agora, case un millón por ano porque as empresas teñen que gañar menos diñeiro e os servizos teñen que ser maiores. E iso sen destruír nin un só posto de traballo porque nós cremos no traballo e por iso nas licitacións que estamos sacando estes días primamos con dez puntos ás empresas que crean máis traballo.

Señores do Partido Popular, póñanse a traballar, colaboren coa cidade porque así lles vai moi mal.

Neste intre e fóra de micrófono, polo que non queda gravada a intervención, a Sra. Bravo Bosch pide a palabra para a presentación dunha emenda á proposta formulada no expediente.

A PRESIDENCIA: Sra. Bravo, pasou o debate e pasou o momento de presentar emendas. As emendas téñense que presentar ao inicio da sesión para que se poidan debater. Está pasado o momento procedemental. Constará en acta o que vostede queira pero o momento de presentar emendas pasou. Non saben como funciona un pleno.

VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.- Con once votos a favor

dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro,

ACÓRDASE:

Non aprobar a declaración da urxencia da sesión.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Visto o resultado da votación, non procede a votación do punto seguinte. Informaremos puntualmente á Autoridade Xudicial das votacións nominais na forma que se produciron impedindo que se cumprira unha sentenza neste Pleno.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.